



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E O CONCELLO DE ORTIGUEIRA PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA RURAL VIVO_RURAL ACTIVO PARA O EXERCICIO 2023.

Lugar e data da sinatura dixital.

REUNIDOS

Dona Fabiola García Martínez, na súa condición de conselleira de Política Social e Xuventude, nomeada polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 79/2023, do 22 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 124/2022, de 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte, D. Valentín Calvín Fondevila, en calidade de alcalde do Concello de Ortigueira (A Coruña), con número de Identificación Fiscal P1506200C, e enderezo na Praza de Isabel II nº 1, en uso das facultades que lle veñen atribuídas polo artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos, e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o Estatuto de autonomía de Galicia encomenda aos poderes públicos galegos a obriga de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, ademais de remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e de facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social.

Segundo.- Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coas competencias outorgadas ás comunidades autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Terceiro.- Que a Consellería de Política Social e Xuventude é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas maiores, conforme ao Decreto 124/2022, de 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude.

Que con carácter específico corresponden, entre outras, á Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria da Consellería de Política Social e Xuventude, a elaboración das propostas para a formulación das políticas dirixidas ás persoas maiores en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e da Lei 39/2006, do 14 de





decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. En particular, ten encomendadas as funcións relativas ao fomento e á promoción de actuacións e medidas favorecedoras da plena participación das persoas maiores na sociedade e da mellora da súa calidade de vida, así como todas aquelas accións que faciliten a súa promoción, integración social e participación activa.

Cuarto.- Que o Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, unifica os criterios nos procedementos de concesión, xestión e xustificación das subvencións a estas entidades para evitar disfuncións administrativas e inseguridade xurídica e establecer unha serie de mecanismos que teñan como principio inspirador a lealdade institucional nas relacións subvencionais entre a Administración autonómica e as entidades locais.

Quinto.- De conformidade co previsto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, e na lexislación de aplicación sobre réxime local, correspóndelles aos concellos, no marco da planificación e ordenación xeral do sistema galego de servizos sociais, as seguintes competencias:

- a) A creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos.
- b) A creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios específicos, sen prexuízo do establecido no artigo 59, letra i), da Lei 13/2008, do 3 de decembro.
- c) A colaboración no fomento dos servizos sociais prestados por entidades de iniciativa social, así como a promoción de mecanismos de coordinación das actuacións realizadas polas mesmas, evitando no posible a duplicidade e infrautilización dos equipamentos sociais.
- d) A promoción e realización de estudos e investigacións sobre a problemática dos servizos sociais no ámbito local e a divulgación dos resultados obtidos nos mesmos.
- e) A detección e análise das necesidades e da problemática social existente no seu ámbito territorial.
- f) A elaboración de plans e programas de servizos sociais no seu ámbito territorial, de conformidade co previsto no artigo 48 da Lei 13/2008, do 3 de decembro.
- g) A participación, como entidade colaboradora, na xestión das prestacións económicas e, no seu caso, nas subvencións concedidas pola Xunta de Galicia, nos termos legalmente establecidos.
- h) O fomento e promoción da solidariedade e da participación da sociedade civil na prevención e intervención social no ámbito local.
- i) A creación, regulación e impulso de mecanismos de participación local no ámbito dos servizos sociais.
- j) A coordinación dos servizos sociais cos restantes servizos municipais e das restantes administracións no desenvolvemento dos plans e programas de intervención comunitaria, facilitando a participación das entidades sociais e a implicación da cidadanía no proceso.





k) Cantas outras lles estean atribuídas ou lles sexan delegadas, de acordo coa lexislación vixente.

Estas competencias exerceranse polos concellos, por si mesmos ou asociados, ou a través das fórmulas de colaboración interadministrativa, a fin de alcanzar unha maior eficacia e rendibilidade social dos recursos dispoñibles.

Para a mellor atención das necesidades sociais do seu ámbito territorial, e unha vez garantida a prestación dos servizos sociais comunitarios básicos e demais competencias enumeradas no artigo 60 da referida Lei 13/2008, do 3 de decembro, os concellos de Galicia poderán crear, xestionar e manter servizos sociais comunitarios específicos, en coordinación coa Xunta de Galicia e de acordo co catálogo de servizos sociais e a planificación correspondente. Así no seu artigo 64, prevé que a Xunta de Galicia promoverá unha efectiva coordinación e cooperación cos concellos a fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que atinxe á creación e mantemento de servizos sociais comunitarios específicos.

Os servizos sociais comunitarios específicos, competencia das entidades locais, desenvolverán programas e xestionarán centros orientados a colectivos con problemáticas identificadas e singulares, procurando a súa normalización e reincorporación social ou como espazo de tránsito a un servizo especializado. Sen prexuízo da súa dedicación a colectivos con problemáticas concretas, os servizos sociais comunitarios específicos actuarán, en tanto que servizos de proximidade, na contorna vital das persoas destinatarias, favorecendo o mantemento dos seus vínculos familiares e comunitarios, a súa autonomía e calidade de vida (art. 25 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento).

Sexto. O concello de Ortigueira está inscrito como entidade prestadora de servizos sociais co número E-713 e recoñecido como así se determina no art. 66 da Lei 13/2008 do 3 de decembro.

No ano 2007 iniciouse un programa de dinamización das parroquias deste concello, tendo en conta que a súa situación xeográfica e demográfica é singular, toda vez que se trata dun concello xeograficamente moi amplo, cunha poboación rural moi dispersa e, con deficientes liñas de comunicación entre as parroquias e a vila.

A solución á que se recorreu para paliar esta situación foi, na medida das posibilidades, achegar as actividades e os programas municipais ás parroquias. O desenvolvemento e adaptación funcional dunha rede de centros sociais parroquiais posibilita a descentralización dos servizos sociocomunitarios e a proximidade á cidadanía dando resposta ás súas demandas e ás necesidades detectadas dende os propios servizos sociocomunitarios municipais.

O carácter singular que motiva a concesión dunha subvención directa a través da sinatura do presente convenio en base ás razóns que acreditan o interese social das actuacións a subvencionar, radica na análise das circunstancias demográficas do Concello de Ortigueira, da cobertura de servizos sociais públicos actuais e da estimación da poboación maior dependente que demandará un servizo asistencial.





Segundo datos do INE do ano 2022, o 38% da poboación de Ortigueira é maior de 64 anos e máis da metade son mulleres. Destaca o envellecemento das mulleres do municipio que á súa vez, son as demandantes maioritarias de actividades e servizos cunha participación delas, tamén maioritaria.

Á vista dos resultados da análise o Concello decatouse da necesidade da elaboración dun programa dirixido a promover a participación activa, loitar contra a soidade non desexada e eliminar os estereotipos existentes en relación ás persoas maiores e ás persoas en situación de vulnerabilidade residentes no Concello de Ortigueira, a través da realización de actividades socioeducativas e de ocio, conferindo deste xeito continuidade ás actividades desenvolvidas.

O envellecemento comporta un aumento da vulnerabilidade física, psicolóxica e social das persoas, o que xera maior risco de chegar a situacións de dependencia, de perdas de apoio social e consecuentemente de exclusión. O proceso de envellecemento non é lineal e inmutable senón que é susceptible de atrasarse como consecuencia de actuacións orientadas a mellorar a esperanza de vida saudable nas persoas maiores, aumentando deste xeito a súa calidade de vida e previndo a aparición de deficiencias asociadas á idade.

Así, as actividades constitutivas do programa denominado Rural Vivo-Rural Activo, desenvolveranse dentro do ámbito territorial do concello de Ortigueira, onde as persoas maiores demandan servizos nas súas parroquias de orixe, a onde se poden desprazar a pé e lles permite ser autónomas para poder participar nelas coa finalidade de fomentar o envellecemento activo, a loita contra a soidade non desexada, a interacción, inclusión e participación de persoas maiores ou persoas vulnerables, mediante a realización de actividades socioeducativas e de ocio.

Con esta finalidade artéllase a concesión dunha subvención directa a través da sinatura deste convenio para a realización do dito programa orientado a fomentar unha vida activa e saudable na procura dun envellecemento activo e de prevención da dependencia.

O programa e actividades que o conforman a subvencionar a través deste convenio teñen encaixe entre as funcións propias dos servizos sociais comunitarios específicos tal que:

- Concienciar a poboación da importancia da prevención do deterioro físico e cognitivo.
- Reforzar o modelo de coidados das persoas maiores do municipio cara a unha atención máis próxima ao seu domicilio, centrada na persoa, que implique un envellecemento activo e impulse a desinstitucionalización.
- Traballar na súa imaxe e os estereotipos sobre as persoas maiores.
- Mellorar a calidade de vida das persoas maiores do concello de Ortigueira.
- Implicar as persoas como axentes activos da súa propia saúde.
- Sensibilizar a cidadanía en materia de soidade non desexada para promover actitudes empáticas e de corresponsabilidade que contribúan a mitigar as situacións de soidade.
- Evitar o illamento, a exclusión social e a soidade non desexada no noso rural.





- Crear espazos de convivencia entre as persoas maiores e o resto da poboación que axuden a acadar o seu empoderamento.

Así o exposto e como xa se indicou, as razóns que motivan a concesión de forma directa desta subvención debido á dificultade da súa convocatoria pública, en base aos artigos 19.4c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, radican na particularidade e exclusividade da entidade que desenvolve este programa que é o Concello de Ortigueira, en tanto que prestará servizos de proximidade que deberán de actuar na contorna vital das persoas destinatarias, favorecendo o mantemento dos seus vínculos familiares e comunitarios, a súa autonomía e calidade de vida.

Tendo en conta as características da poboación, agárdase que o número de persoas maiores usuarias do programa sexa de 760–

Sétimo.- Que ambas as dúas partes consideran de mutuo interese establecer fórmulas de colaboración para o financiamento do programa e as súas actividades no eido da atención ás persoas maiores, especialmente no fomento da autonomía persoal, na prevención da situación de dependencia e no agravamento desta.

Por todo elo, as partes comparecentes, na representación que ostentan

ACORDAN

Asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto do presente convenio é o financiamento por parte da Consellería de Política Social e Xuventude do programa de envellecemento activo do ano 2023 do concello de Ortigueira Rural Vivo-Rural Activo, de cara á realización de actividades dirixidas ás persoas maiores e persoas en situación de vulnerabilidade, residentes nese concello, que se desenvolverá nos centros sociocomunitarios específicos do seu ámbito.

O programa está destinado a fomentar o envellecemento activo, a loita contra a soidade non desexada, a interacción, inclusión e participación de persoas maiores ou persoas vulnerables, mediante a realización de actividades socioeducativas e de ocio.

Dentro do programa de envellecemento activo do ano 2023 do concello de Ortigueira Rural Vivo-Rural Activo preténdense implementar os seguintes obxectivos:

Obxectivos específicos:

- Concienciar a poboación da importancia da prevención do deterioro físico e cognitivo.
- Reforzar o modelo de coidados das persoas maiores do municipio cara a unha atención máis próxima ao seu domicilio, centrada na persoa, que fomente un envellecemento activo e impulse a desinstitucionalización.





- Traballar na súa imaxe e os estereotipos.
- Mellorar a calidade de vida das persoas maiores do concello.
- Implicar as persoas como axentes activos da súa propio saúde.
- Sensibilizar a cidadanía en materia de soidade non desexada para promover actitudes empáticas e de corresponsabilidade que contribúan a mitigar as situacións de soidade.
- Evitar o illamento, a exclusión social e a soidade non desexada no noso rural.
- Crear espazos de convivencia entre as persoas maiores e o resto da poboación que axuden a acadar o seu empoderamento.

Obxectivos operativos:

- Conseguir que as persoas maiores atopen no seu centro social de referencia varios días á semana un lugar onde socializar sen afastarse da súa parroquia.
- Ofrecer obradoiros e actividades para abarcar ás 22 parroquias que forman o concello de Ortigueira, nos 17 centros sociais en boas condicións de habitabilidade.
- Acadar a maior implicación das persoas usuarias na elaboración e posta en marcha das actividades.
- Ofertar un mínimo dunha actividade mensual, foro, obradoiro ou clase maxistral en cada centro sociocomunitario da rede de 17 centros sociais.

SEGUNDA. Actuacións subvencionables

1. As actividades que se propoñen para este Programa de Rural Vivo-Rural Activo son as seguintes:

1-Obradoiros de continuidade durante o último trimestre do ano 2023.

a)- Obradoiro de piscoestimulación: os principais obxectivos destes obradoiros semanais, dunha hora, son acadar unha vida social activa, estar ao día interesándose polas novas, favorecendo os faladoiros, ademais de traballar a atención-concentración, orientación (en persoa, tempo e lugar), linguaxe, razoamento e demais funcións cognitivas. Este obradoiro é viable implementalo en 7 centros no último trimestre do ano 2023. Este obradoiro ten unha estimación de 50 persoas participantes.

b)-Obradoiros TICs (tecnoloxía da información e a comunicación), comunicación a través das redes sociais: ofrece as competencias básicas en tecnoloxía da información para que poidan acceder con eficacia aos equipos multimedia e ás redes sociais; solicitar citas, manexar videochamadas, etc. Estes obradoiros realizáranse mediante xornadas de hora e media a realizar en 5 centros no último trimestre. Este obradoiro ten unha estimación de 75 persoas participantes.

Para executar estes obradoiros, dispomos dunha aula itinerante (con ordenadores portátiles) en 5 centros, con conexión sen fíos á internet. Contamos con 15 equipos, dos cales 6 están en bo uso. É necesario renovar 9 equipos para manter a capacidade de atender a 15 persoas usuarias en cada obradoiro.





2-Actividades temporais.

a)- Ao redor dun café_Actividade sociocomunitaria. Actividade experimental coa que se pretende é crear espazos para pensar, debater en grupo e crear unha visión compartida para que as persoas que participan poidan poñer en marcha o que se debate neses espazos. Expóñense actividades de sensibilización e prevención con traslado de información importante para a veciñanza relativa a servizos sociocomunitarios: dependencia, axudas, reciclaxe, proxectos municipais. Practícase a escoita activa das inquedanzas da veciñanza sobre aspectos da parroquia na que viven, todo elo de forma informal arredor dunha pequena merenda con café ou chocolate.

Esta actividade terá unha duración dunha hora e media a realizar na maioría dos centros sociais que acaden un mínimo de 8 persoas participantes. Estímase que participen 135 persoas.

b)- Campaña de sensibilización sobre a soidade non desexada. Realizarase esta actividade como un recurso para afrontar esta problemática desde diferentes ámbitos no municipio, concienciar a poboación sobre a soidade nas persoas maiores e como instrumento para coñecer as condicións de vida das persoas que viven soas, as súas necesidades e ofrecer recursos de acompañamento. Esta actividade vaise desenvolver durante todo o mes de outubro no municipio con actividades puntuais en todos os centros sociais do Concello. Esta campaña ten unha estimación de 200 persoas participantes.

c)- Actividades de celebración de datas singulares.

As persoas demandantes e participativas das actividades no ~~mes~~ Concello son maioritariamente mulleres como tamén é o feito de constituír a maioría da súa ~~mesa~~ poboación. Este feito é o motivo da celebración do día Internacional da Muller Rural, con ampla tradición desde o ano 2008 no municipio. Así o 8 de outubro celebraremos dita conmemoración co XIII Encontro de Mulleres de Ortigueira no que terá lugar a presentación do libro "Con voz de Muller Ladrado", tendo como protagonistas as mulleres da parroquia de Ladrado.

Trátase da recompilación bibliográfica de historias de vida destas mulleres a través dun exercicio de reminiscencia sobre a súa vida na parroquia desde a nenez ata a actualidade. Este encontro ten unha estimación de 150 persoas participantes.

Así mesmo, elebrarase o día das persoas maiores e como clausura da campaña de sensibilización contra a soidade non desexada cun encontro: "O Maior encontro" marcado por actividades estimulantes para elas, que as motive á participación, aproveitaremos a xornada para motivar a integrarse nos obradoiros de continuidade. Esta celebración ten unha estimación de 150 persoas participantes.

2. En todas as actividades e obradoiros buscarase a participación activa das persoas usuarias. En función do momento da actividade utilízase un método inductivo ou deductivo, dependendo dos contidos que se desenvolvan. Sempre en torno a dinámicas activas e participativas, coa finalidade de interiorizar, mellorar a aprendizaxe, motivar a incorporación das mesmas á súa vida cotiá cando corresponda e conseguir que as persoas maiores gocen coa actividade.





Como recursos técnicos utilizaranse medios audiovisuais como: aparatos TV, reprodutores de vídeo, proxector multimedia, ordenadores, reprodutores de música. Outros materiais como: pizarras, documentación en DVD, folletos, libros, revistas e demais material funxible: rotuladores, papel DinA4, lápices, etc.

3. O programa estruturarase de xeito que no mes de setembro haberá reunións nos centros sociocomunitarios para analizar as súas demandas e definir as actividades propostas para cada un deles.

As actividades de continuidade levaranse a cabo nos meses de outubro, novembro e decembro, cunha periodicidade semanal, dunha sesión á semana cunha duración dunha hora ou hora e media segundo a actividade proposta.

As actividades de xornada única definiranse segundo o número de solicitudes recibidas de cada centro, implementándose nos centros con maior volume de inscricións. O XIII Encontro de mulleres está previsto para o domingo 8 de outubro e a actividade "O Maior encontro" para o 3 de decembro de 2023.

A campaña de sensibilización sobre a soidade non desexada, desenvolverase en todo o municipio durante o mes de outubro.

As persoas interesadas en participar nunha actividade que non se celebre na súa parroquia poden optar por acudir a outra pola que teñan afinidade, na que se imparta unha actividade acorde ás súas necesidades e/ou cun horario compatible coas súas circunstancias vitais.

Os horarios estableceranse segundo a demanda dos centros e a súa ubicación.

TERCEIRA. Obrigas de documentación á entidade beneficiaria

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o concello presentará con carácter previo á sinatura do convenio o programa de actividades obxecto da concesión da subvención e a seguinte documentación:

- a) Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para o mesmo programa, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.
- b) Declaración responsable, subscrita polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- c) Declaración responsable do cumprimento da obriga establecida no artigo 4.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, en canto ao cumprimento do deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio.





CUARTA. Orzamento

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións que ten previsto desenvolver o Concello de Ortigueira é de 20.000€.

Segundo a Lei 6/2022, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, está previsto crédito axeitado e suficiente para poder dar cobertura económica aos compromisos contraídos en virtude deste convenio.

Para o cumprimento da finalidade descrita na cláusula segunda deste convenio a Consellería de Política Social e Xuventude aportará **vinte mil euros (20.000,00€)**, que serán imputados á aplicación orzamentaria **13.05.312E.460.0** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

O importe da subvención destinarase a cubrir os gastos de natureza corrente efectivamente realizados para o desenvolvemento das actuacións recollidas na cláusula segunda. A estes efectos, consideraranse gastos subvencionables os previstos no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

QUINTA. Obrigas da entidade beneficiaria

1. En cumprimento do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, son obrigas da entidade beneficiaria:

a) Cumprir os requisitos para obter a condición de entidade beneficiaria estipulados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

b) Cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades e proxectos, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir os compromisos asumidos con motivo desta. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos no convenio.

c) Xustificar ante o órgano concedinte o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.

d) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedinte, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

e) Comunicarlle ao órgano concedinte a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial





aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras establecidas no convenio, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

h) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto do convenio e nos lugares onde estas se realicen: "subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Xuventude", co seu respectivo logotipo.

i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

j) Presentar a documentación trala sinatura do convenio e no momento da xustificación parcial e/ou total, de conformidade co indicado na normativa de subvencións.

2. Asemade, o Concello de Ortigueira, en tanto que entidade beneficiaria dunha subvención, estará obrigado a subministrar á Consellería de Política Social e Xuventude logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno. No caso de incumprimento desta obriga estarase ao disposto no artigo 4.4 da citada lei.

SEXTA. *Compatibilidade con outras subvencións*

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

SÉTIMA. *Forma de pagamento*

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular o concello nas seguintes condicións:

a) Efectuarase un pagamento do 73% da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.

b) O 27% restante farase efectivo unha vez xustificada a correcta execución de todas as actividades do programa subvencionado polo convenio e aportando a documentación indicada na cláusula sétima referida á conta xustificativa.





Para a tramitación das condicións de pagamento previstas nos apartados anteriores, a entidade beneficiaria da subvención queda exonerada da constitución de garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade beneficiaria, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedora por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento.

OITAVA. *Gastos subvencionables e xustificación*

Son gastos subvencionables as actuacións do programa subvencionado a través da sinatura do presente convenio, que cumpran os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño. Para estes efectos, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local.

O Concello está obrigado a acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados de conformidade co establecido no Decreto 193/2011, de 6 de outubro.

O Concello está obrigado a xustificar ante a Consellería de Política Social e Xuventude, o cumprimento do programa obxecto do convenio, a realización das actividades que o conforman e o seu custo real, mediante unha conta xustificativa integrada, con carácter xeral, pola documentación que se relaciona deseguido e que incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade do gasto efectuado e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda. Segundo o disposto no artigo 9 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, a conta xustificativa conterá:

a) Certificación expedida pola secretaría da entidade local, co visto e praxe do/a alcalde/sa ou presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

- 1.º O cumprimento da finalidade da subvención, con especificación das actuacións desenvolvidas en execución deste convenio e dos resultados acadados.
- 2.º Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación da persoa acreedora, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Non será exixible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2 b) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

c) De ser o caso, os tres orzamentos que se esixen en aplicación do artigo 29.3.º da Lei 9/2007, do 13 de xuño.





Asemade, xunto coa conta xustificativa, no caso de opoñerse á súa consulta, deberase de achegar declaración responsable do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou de ser debedor por resolución de procedemento de reintegro, segundo o disposto no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

En todo caso o prazo da xustificación total da subvención deste convenio rematará o día **10 de decembro de 2023**. Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos de 2023 de nóminas ou que comporten ingresos á conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considérase xustificado coa presentación do documento de gasto, factura ou documento equivalente, en que se reflecta o importe da retención ou cotización devengadas na data de xustificación, quedando a entidade beneficiaria obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación con data límite na primeira quincena de febreiro de 2024.

A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o inicio dun procedemento administrativo que poderá comprender o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño.

NOVENA. Subcontratación

O Concello de Ortigueira é a entidade beneficiaria directa da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á Consellería. Non obstante, poderá subcontratar a execución total das actividades, ata o 35% das actuacións financiadas a través do mesmo para a súa debida execución, de acordo co recollido na memoria económica. A subcontratación vén motivada pola falla de persoal en plantilla necesario para a execución das actividades programadas.

Para estes efectos será de aplicación o establecido nos artigos 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

DÉCIMA. Inexistencia de relación laboral

Para levar a cabo os obxectivos e fins deste convenio o Concello poderá contratar, con cargo ao orzamento daquel, o persoal que no seu caso precise para o desenvolvemento das actuacións citadas. Así mesmo queda facultado para designar o persoal necesario para realizar as ditas actuacións.

A subscrición do presente Convenio non leva consigo relación laboral nin contractual entre a Consellería de Política Social e Xuventude e as persoas que realicen as actuacións obxecto do programa que se subvenciona, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste programa.

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas ou na demais normativa aplicable, así como polas causas de resolución previstas no artigo 33 da





Lei 9/2007, do 13 de xuño, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os xuros de demora correspondentes

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o apartado anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social e Xuventude poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumprida e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do programa subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% das actividades que conforman o programa a subvencionar a través do convenio, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus intereses de demora.

Á entidade beneficiaria da subvención regulada nestas bases seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Título VI do seu regulamento.

DÉCIMO SEGUNDA. *Vixencia e efectos*

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2023.

Non obstante, os gastos das accións englobadas nas actividades descritas no presente convenio que realízase o concello dende o 1 de xaneiro de 2023 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Xuventude.

DÉCIMO TERCEIRA. *Obrigas de publicidade*

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.





DÉCIMO CUARTA. Información básica de protección de datos persoais

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Xuventude coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos> derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarios os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.





DÉCIMO QUINTA. *Comisión de seguimento*

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes do mesmo. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e Xuventude e dous representantes do Concello de Ortigueira, designados por cada unha das persoas representantes das partes, así como os seus suplentes. A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Consellería de Política Social e Xuventude, designada pola persoa titular da dirección xeral competente en materia de maiores e atención sociosanitaria.

A persoa que ocupe a secretaría, que actuará con voz pero sen voto, así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita á dirección xeral competente en materia de maiores e atención sociosanitaria, designada pola persoa que asuma a Presidencia.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO SEXTA. *Réxime xurídico*

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro; no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 40/2015, do 1 de outubro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Xuventude poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a resolución fose expresa no prazo dun mes.

Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso.

Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa





específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes no lugar e na data da sinatura dixital.

Pola Consellería de Política Social e
Xuventude

Polo Concello de Ortigueira

A conselleira de Política Social e Xuventude
Fabiola García Martínez

O alcalde do Concello
Valentín Calvín Fondevila

